

SAÍR DA SEDA

GETTING OUT OF SILK

Sica Romero

Resumo: Unha historia sobre o achegamento á literatura durante a nenez e da creación de mundos imaxinarios ata reparar no poder e nas posibilidades da palabra escrita.

Abstract: A story about the approach to literature during childhood and the creation of imaginary worlds leading to an awareness of the power and possibilities of the written word.

Palabras chave: Mamá Nela, Carnota, lembranzas da infancia, imaxinación, palabra escrita, *Avelaiñas eléctricas*.

Key words: Mamá Nela, Carnota, childhood memories, imagination, written word, *Avelaiñas eléctricas*.

Fun sempre amante de historias sen niso reparar.

Lembro con vivesa a imaxe dos bansos da casa de Mamá Nela, unha imaxe que aghocha unha parte do meu eu sendo unha meniña rebuldeira. Con seis anos, acurrunchada, pousando os ollos en cada banso de madeira durante minutos, cuartos de hora, horas enteiras.

Á noite, escuitaba as historias que Mamá Nela lle contaba á miña curmá. Elas durmían xuntas no mesmo leito e eu durmía no cuarto do lado. Quería que as historias me fosen contadas a min, mais non me faría ghrasia ningunha durmir coa avoa porque, para a eu daquela, Mamá Nela fartaba a unha con tanto rucurrucu do painoso pequeniño por aquí, Jesusito de mi vida por alá, ghloria al padre por acolá. Logho, non estaba tan mal durmindo soa; pero quería quisais seghir máis de preto as historias sen forsar a escuita e tamén sentirme preto de alghén, así que...

buscaba apouviño na única foto, xa desghastada, de meus pais que eu miraba e amparaba como o avó as estampas de santa Mónica ou de santo Aghustín.

Cando me daba por faser alghunha trasnada, cando non era ghiadiña, debía sentar en silencio mudo neses bansos. E algho había que faser... cabesiña, cabe-siña... Por cada banso, unha historia: unha cos trasnos do monte que vía de nuite dende a fiestra, outra coa raíña Lupa rodeada dos seus tesouros, outra coa miña nai emighrada na illa neghra de area volcánica, miña nai que entraba de socato pola porta cun Aquí estou!... e fitaba eu para o terceiro dos bansos e comesaba a escribir na cabeza o que diría ao vela, o que ela diría ao collerme en brazos: tecleaba na máquina de escribir da cabeza todo canto as dúas diríamos. Cos ollos ghabeaba polas escaleiras e no maxín recreaba unha e outra vez as mesmas esenas, unha e outra vez as mesmas historias. Mundos propios. Cada banso, unha historia... Ía ás miñas primeiras lembranzas, nas Canarias, porque eu xa estivera alí, no lughar en que mamá e papá podían traballar e onde eu aprendín a falar, antes de volver a Carnota e topar cunha nova linghua e linguaxe, ghalego con s aspirado e castelán coa música do lughar no que nasera e que me vería medrar. De moita_s core_s son o_s paxariño_s que veñen de fóra, cantaba, e miña nai disía Sighe, sighe e eu No se má_s, co s final aspirado, e escribía moitas veces *Paxariño* por riba das páxinas dos contos que mamá mercaba para min no quisco.

Cando has de volver?, e como se as palabras voasen de min sen poder apreixalas, repetía unha e outra vez o mesmo Cando has de volver?, cando has de volver? Pronto ha de volver. E volveu.

Con sete anos aghochábame tralas pernas de miña nai cando un descoñecido e mesmo cando alghún coñecido se dirixía a min. Custábame falar se non tiña confianza. Non puideron ver os avós maternos ata esta idade, ata os 7. Comesaron a chover os reghalos, supoño que por compensar todos os anos anteriores en que non puideran mimarme. Libros de pintar, cadernos con xoghos de palabras, lápis, rotos de cores, estoxos con dibuxos... Quen che reghalou iso? Preghuntou o pai de meu pai cando me viu estarricada nun banso escribindo no meu diario secreto. Quen furía? O pai de miña nai!, chantoulle a eu de sete anos, pequena pero toda chea de razón. Escachou a rir e, como el nunca fora falador, só lembro a maneira en que repetía esa frase rompendo a rir, durante anos, cada vez que me vía. Entendín ao momento que se disía Quen fui?, pero non Quen furía? e quedoume claro que era mellor escribir que falar. Escribindo, o tempo alonghábbase e alarghábbase e era máis doado dar coas palabras axeitadas pra que ninghén fixese a risa de min.

Con oito anos cheguei a unha nova escola. Afundín no interior dun bosque, no corasón dun relato e, nada máis sacar o pé del, dei en metelo noutro e dispois noutro e todo volveu ter un xeito, porque cando algho ou alghén turraba de min para fóra, sabía que decontado me achegharía a aqueles outros mundos onde, como

Mariña, podía ser unha e moitas ou desaparecer e non ser ningunha, namais ser unha faísca ou, como a profesora das Canarias me disía, un fi_squito namais. Pasou un tempo no que debía meter na cabeza tanta palabra sen proveito ningún que me rebelei contra libros e letras. Metíame nos recunchos, imaxinaba que vivía nos contos e fuxía do mundo ao que daban en chamar real. La niña es muy despistada, se distrae con facilidad, cada trimestre nesas anotacións de cores tan importantes. Las palabras agudas llevan tilde cuando terminan en -n, -s o vocal. Las palabras llanas llevan tilde cuando no terminan en -n, -s o vocal. Las palabras esdrújulas llevan tilde siempre. A profesora fasíame repetir en alto as fórmulas aburridas tal e como o paxaro feo que pasara anos nunha ghaiola, na miña casa, ata que un día atopou a porta da ghaiola aberta, a fiestra aberta e voou.

...Minutos, cuartos de horas, días e anos e anos de mirar as palabras como se fosen exames, de miralas para retelas na cabeza da maneira correcta e ordenada para ser lista e non burra.

Conseghín con desasete anos un ordenador de meu, un para min soa, e dei en teclear nel aquelas palabras dende sempre apreixadas nos adentros. Frases co eco dos esconxuros que me liberaban de canto oía, vía, non comprendía e debía calar. Cando has de volver?, e cunha ves era dabondo e mesmo estaba de máis, borraba e volvía comesar.

Unha frase levoume a outras mil e a escrita aos libros. De volta á lectura. Escribía historias de personaxes fighuradas cos seus diálogos de sempre apreixados. Lía historias que tiraron por min como se fose tan lixeira coma a faísca, o fi_squito, que aspiraba o s ao final das palabras. E despois de desbotar o que tiña dentro, imprimía e alá marchaba con todo pró contedor da reciclaxe, calada como un peto, rexeitando verme os adentros no papel.

Comesei a darlle forma ós esconxuros. Perdín o medo e pasei de imprimir e tirar con todo, a faselo libro de 222 páxinas, avelaíñas que saíron da cápsula porque eran horas de voar.

Apetéseche escribir. Faselo sen parar pra botar fóra. Pensas se deberías meter esta parte da noite no caderno. (Olivia, *Avelaíñas eléctricas*)

Con seis anos, sentadiña encolleita naqueles bansos de madeira era libre por dentro dándolle ao maxín... como o son aghora cando dou con novas historias que compartir, verbas para deixar saír da seda e faselas voar como avelaíñas.